

Parga

Antigo arciprestado que, canda as vigairías de Entrambasaugas e Riba de Miño, articulaba o arcediagado de Montenegro, demarcación da diocese existente ata 1855. Dependía do arcediago do mesmo nome, cóngo dignidade do cabido mindoniense, e o seu territorio estendíase por boa parte do actual concello de Guitiriz, do que abranguíu 11 parroquias a fins da Idade Media e 13 en 1854.

Coa creación dos modernos arciprestados en 1855, este de Parga erixiuse nun dos 18 nos que quedou dividida a diocese. A mediados do século XX comprendía a práctica totalidade das parroquias do municipio de Guitiriz, boa parte das de Begonte e a parroquia do Val de Xestoso, no concello de Monfero.

Extinguiuse esta demarcación eclesiástica en 1988. As súas parroquias, conxuntamente coas que formaban a vigairía de Begonte, deron lugar a un novo arciprestado denominado Begonte-Parga.